

## **RESOLUCIÓN DO 4 DE MAIO DE 2015 POLA QUE SE ABRE A 3ª CONVOCATORIA DO PROGRAMA IACOBUS.**

O programa “IACOBUS” é un Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica que xorde coa intención de dar un paso mais cara a configurar un auténtico espazo de integración interrexional entre as Universidades e outras institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. O IACOBUS, é unha acción que provén das prioridades definidas no PIC - Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión, sendo impulsado pola Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, e conta co apoio da Unión Europea, quen contribúe ao seu financiamento a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP). Ten como obxectivo principal fomentar a cooperación e o intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensino superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal para a posta en común de actividades formativas, investigadoras e divulgativas.

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (GNP-AECT), como entidade xestora do Programa IACOBUS.

### **RESOLVE:**

Publicar a 3ª convocatoria ao abeiro do Programa IACOBUS para o curso 2014-2015 destinada a desenvolver un sistema de intercambio transfronteirizo de profesores, investigadores e persoal administrativo e de servizos, entre institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que asinaron o *“Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre as Universidades e as Institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal”*, en Vigo, o día 11 de abril de 2014.

## **Bases da Convocatoria:**

### **1. Requisitos dos solicitantes:**

Poden optar a participar neste programa:

- Persoal docente e investigador (PDI);
- Investigadores pre-doutorais ou post-doutorais con relación de investigación en vigor cunha Universidade ou outra institución de Ensino Superior dos especificados posteriormente;
- Persoal administrativo e de servizos (PAS).

Os participantes deberán ter contrato / relación investigadora en vigor durante o período de realización do intercambio, así como estar en condicións de poder traballar no país no que se solicita a estadía. Os participantes deberán estar en condicións de cumprir os requisitos necesarios para ser beneficiarios dunha axuda no país de orixe. Este persoal debe desempeñar as súas funcións nalgunha das Universidades ou outras institucións de Ensino Superior radicados no territorio da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal citados a continuación:

- A Universidade de Santiago de Compostela
- A Universidade da Coruña
- A Universidade de Vigo
- A Universidade do Porto
- A Universidade do Minho
- A Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro
- A Universidade Católica Portuguesa – Centros Regionais do Porto e de Braga
- O Instituto Politécnico do Porto
- O Instituto Politécnico de Viana do Castelo
- O Instituto Politécnico de Bragança
- O Instituto Politécnico do Cávado e do Ave.

Os solicitantes deberán formular a súa candidatura para unha das institucións antes citadas que sexa dun país distinto ao da súa.

## **2. Orzamento, duración e período:**

O Orzamento desta 3ª convocatoria do Programa IACOBUS é de 150.000 €, dos que 80.000 € son para Persoal Docente, 20.000 € para PAS e 50.000 € para Investigadores. Esta cantidade poderá ser modificada pola GNP-AECT en función das súas dispoñibilidades orzamentarias. Esta modificación haberá de ser publicada na web da GNP-AECT.

O Programa IACOBUS dispón de dúas modalidades de pagamento para aboar os gastos que lle poda supoñer o desprazamento e a estadia, en función da persoa beneficiaria:

- a. Persoal docente e investigador (PDI) e PAS: Percibirá unha cantidade de 800 € por cada semana de estancia, que terá unha duración mínima de unha semana e máxima de dúas.
- b. Persoal investigador: Percibirá unha cantidade de 600 € por cada mes de estancia na Universidade ou institución de destino. A estancia mínima será dun mes e a máxima de tres.

As estadias son incompatibles unicamente coas percepcións de outras remuneracións en concepto de axudas de custo.

As estadias da 3ª Convocatoria do Programa IACOBUS deberanse levar a cabo dende o **8 de xuño ata o 18 de setembro de 2015**.

## **3. Propostas de intercambios:**

O Beneficiario deberá contactar coa Universidade ou institución de destino (dentro dos listados no apartado 1) onde quere realizar a súa estadia acordando as datas e duración da estancia e o tema de estudo.

As Cartas de Aceptación (Anexo II e III) das institucións de orixe e destino son unha condición indispensable para proceder aceptar as candidaturas.

#### **4. Solicitudes, prazos e lugar de presentación:**

Esta convocatoria rexerese polos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

Os formularios de solicitude atoparase na páxina web da GNP-AECT ([www.gnpaect.eu](http://www.gnpaect.eu)), e terán que ir acompañados da seguinte documentación, unicamente en idioma galego, castelán ou portugués:

- a. Fotocopia DNI/CC;
- b. Acreditación da relación coa Universidade ou institución de Ensino Superior de orixe, e o seu carácter;
- c. Curriculum Vitae, preferiblemente en formato “Europass”;
- d. Datos do solicitante e descrición do proxecto a desenvolver (Anexo I)
- e. Cartas de Aceptación (Anexo II e III) das institucións de orixe e destino.

As solicitudes deberán enviarse por correo certificado antes do 20 de maio de 2015 (data do cuño postal) á sede da GNP-AECT (Rúa Eduardo Cabello, s/n. Edificio CETMAR, 2ª planta. 36208-Bouzas, Vigo (Pontevedra). España). Tamén poderán ser presentadas nos centros incluídos no apartado 1 e na Fundación CEER (Reitoría da USC - Colexio de San Xerome; Praza do Obradoiro, s/n; 15782 - Santiago de Compostela), que deberán remitilas á GNP-AECT antes da devandita data.

No caso de non presentar a solicitude na GNP-AECT, o solicitante deberá enviar antes do 20 de maio por correo electrónico a [gnpaect@gnpaect.eu](mailto:gnpaect@gnpaect.eu), copia do ANEXO I (Modelo de solicitude – Programa IACOBUS), co selo do rexistro.

Non se admitirán as solicitudes presentadas fora de prazo ou sen asinar polo beneficiario e a institución emisora e receptora. Tampouco se admitirán as que non teñan debidamente cuberto o formulario da solicitude.

Cada candidato só poderá presentar unha solicitude para unha soa estadía. A presentación da solicitude implica que o interesado declara baixo a súa responsabilidade que acepta as bases da convocatoria, que todos os datos son certos e que autoriza a comprobación dos mesmos.

Recibidas as solicitudes, a Comisión de Avaliación poderá establecer un prazo de 7 días naturais para emendar erros e achegar a documentación pertinente.

## 5. Selección de candidatos

As solicitudes serán valoradas por unha comisión de avaliación. A composición da Comisión é a seguinte:

- 1 Presidente: A directora da GNP-AECT;
- 3 Vogais:
  - Un representante designado polo Director Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia;
  - Un representante designado polo Presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal (CCDR-N);
  - Un representante designado pola Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) en representación da rede de Universidades da Eurorrexión;
- 1 Secretario: un traballador da GNP-AECT.

A Comisión avaliará o proxecto presentado de acordo co Anexo VIII.

A Comisión distribuirá o orzamento para as estadias, destinando 80.000 € ao persoal docente e investigador (PDI), 20.000 € a PAS e 50.000 € a investigadores. Non obstante, esta distribución poderá ser modificada, en función das solicitudes presentadas.

Ademais, a Comisión tentará manter unha proporcionalidade entre os centros de educación superior incluídos no apartado 1 aínda que como queira que unha das finalidades deste programa é fomentar o intercambio entre as distintas institucións de ensino superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, fomentárase que todas as recollidas no punto 1 da convocatoria envíen e reciban, a lo menos, a un solicitante.

Asemade, a Comisión poderá reducir o prazo de duración das estadias, en función das características do proxecto e das disponibilidades orzamentarias.

Además terán preferencia aqueles candidatos que non desfrutaran dunha estadía nas convocatorias anteriores do Programa IACOBUS.

## 6. Resolución e notificación

A GNP-AECT publicará na súa páxina web unha relación provisional de seleccionados e concederá un período de reclamación de 5 días hábiles. Tras este período, a Dirección da GNP-AECT fará pública unha resolución motivada co nome dos seleccionados, podendo ser recorrida esta perante o mesmo órgano que ditou a resolución.

Ademais, tamén se poderán utilizar as canles habituais de difusión das convocatorias empregadas polo CEER e polas Universidades e centros de ensino superior envolvidas no Programa IACOBUS.

## 7. Acreditación da estadía e Pagamento

Unha vez realizada a estadía, os beneficiarios deberán presentar á GNP-AECT, **no prazo de dúas semanas** a partir do remate da estadía, unha memoria que evidencie o traballo desenvolvido (Anexo VI), xunto cunha acreditación, do centro receptor, de que se ten realizado a estadía aprobada (Anexo V).

Unha vez recibida e avaliada esta documentación pola GNP-AECT, esta procederá a efectuar o pagamento acordado.

## 8. Obrigas dos seleccionados

Os seleccionados deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito no prazo de 10 días naturais segundo o modelo facilitado pola GNP-AECT (Anexo IV), tras a publicación da resolución definitiva de concesión. Pasado ese prazo, se o seleccionado non presentase nin aceptación nin renuncia, entenderase a súa renuncia á praza. Os destinos vacantes seranlles adxudicados directamente aos suplentes.

Para a xestión do Programa IACOBUS precísase que **toda documentación enviada sexa orixinal ou compulsada, non sendo válido o envío de documentos dixitais ou fotocopiados.**

A participación no Programa IACOBUS implica que os seus beneficiarios estean cubertos polos seguros e mecanismos legais de apoio na saúde de que dispuxesen ata entón, non sendo da responsabilidade do Programa e da súa entidade xestora os compromisos de gastos nestas materias, en caso de doenza, accidentes ou sinistros.

A participación no Programa IACOBUS implica que os seus beneficiarios directos aceptan xustificar os importes recibidos, presentando asinados os documentos xustificativos (declaración de realización – Anexo V e recibo acreditativo do pagamento – Anexo VII), e presentando a memoria xustificativa prevista no número anterior (Anexo VI). Ademais as Universidades e os Centros de Ensino Superior receptoras deberán confirmar, a través de Declaración, a realización da acción de intercambio (Anexo V).

Os retrasos na incorporación ou nas ausencias temporais requirirán autorización previa do centro de educación superior de destino e orixe, e deberá comunicarse esta circunstancia á GNP-AECT.

## **9. Protección de datos**

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada candidato de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a GNP-AECT é responsable. Os datos dos candidatos serán tratados exclusivamente coa finalidade de incorporalos ao proceso de selección da presente convocatoria.

O candidato poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude con copia do seu documento de identidade á GNP-AECT.

## **10. Revogación**

No caso de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o beneficiario perderá o dereito a percepción acordada pola GNP-AECT, e deberá devolver a contía do eventualmente percibido por este concepto. A GNP-AECT terá dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta convocatoria.

## 11. Disposición Final

O aproveitamento deste programa non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra natureza contractual ou legal entre a GNP-AECT e os beneficiarios.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na web da GNP-AECT.

### LISTADO DE ANEXOS

|   |     |
|---|-----|
| ANEXO I. Modelo de solicitude – Programa IACOBUS .....  | 9   |
| ANEXO II: Carta de aceptación da Institución de destino da estadía – Programa IACOBUS. ....                             | 11  |
| ANEXO III: Carta de autorización da Institución de orixe para estadía baixo o Programa IACOBUS. ....                    | 12  |
| ANEXO IV. Modelo de aceptación (incluíndo datos bancarios) o renuncia a realización da estadía – Programa IACOBUS. .... | 13  |
| ANEXO V. Modelo de Declaración da Institución de destino de realización da estadía – Programa IACOBUS.....              | 14  |
| ANEXO VI. Modelo de declaración de realización da estadía – Programa IACOBUS. ...                                       | 145 |
| ANEXO VII. Modelo de xustificante de pago – Programa IACOBUS .....  | 16  |
| ANEXO VIII: Baremo.....   | 17  |



## ANEXO I. Modelo de solicitude – Programa IACOBUS.

D / D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con contrato / relación investigadora en vigor e que desenvolve as súas funcións de:

|  |  |
|--|--|
| <b>Persoal docente;</b>                            |  |
| <b>Investigador pre-doutoral ou post-doutoral</b>  |  |
| <b>Persoal administrativo e de servizos (PAS);</b> |  |

na Universidade / Centro de Ensino Superior:

no Departamento:

do Centro:

sito en:

estando o seu traballo especializado en:

Datos de contacto

Email:

Teléfono:

### **Solicita<sup>1</sup> realizar unha estadía baixo o Programa IACOBUS:**

na Institución:

no Departamento:

do Centro:

sito en:

A estadía realizarase nas seguintes datas:

- dende o día ...../...../ de 2015
- ata o día ...../...../ de 2015
- sendo por tanto unha estadía de:

(especificar duración total da estadía en semanas ou meses. Persoal docente e

PAS: A estancia mínima será de unha semana e a máxima de dúas semanas /

Persoal investigador: A estancia mínima será dun mes e a máxima de tres meses.)

**Título do proxecto a desenvolver:**

**Resumo do proxecto a desenvolver (máx. 2000 caracteres<sup>2</sup>)  
(Obrigatorio incluír: Descrición do traballo a realizar; Congruencia do proxecto co PIC)**

<sup>1</sup> A participación no Programa IACOBUS implica a aceptación e das Bases Reguladoras da convocatoria de devandito programa

<sup>2</sup> Só serán tidos en conta resumos de máximo 2.000 caracteres (sen espazos).

Documentación complementaria a presentar:

- a. Fotocopia DNI.
- b. Acreditación da relación coa Universidade ou Centro de Ensino Superior, e o seu carácter.
- c. Curriculum Vitae, preferiblemente en formato “Europass”, só en galego, castelán ou portugués.
- d. Carta de aceptación dos Centros de orixe e destino (Anexos II e III).

Asinado en ..... a ..... de ..... de 2015.

## ANEXO II: Carta de aceptación da Institución de destino da estadía – Programa IACOBUS.

A Institución:

representada polo seu Reitor / Vice Reitor / Outros:

participante no Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica “IACOBUS”, declara que, baixo devandito programa, **acepta a petición** para a realización dunha estadía nesta institución de:

D.:

proveniente da Institución:

A estadía realizarase nas seguintes datas:

- dende o día ...../...../ de 2015
- ata o día ...../...../ de 2015
- sendo por tanto unha estadía de ..... (especificar duración total da estadía en semanas ou meses).

Asinado en ..... a ..... de ..... de 2015.

### **ANEXO III: Carta de autorización da Institución de orixe para estadía baixo o Programa IACOBUS.**

A Institución:

representada polo seu Reitor / Vice Reitor / Outros:

autoriza a realización dunha estadía de:

D.:

do Departamento:

do Centro:

sito en:

estando o seu traballo especializado en:

como participante no Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica "IACOBUS",

**A autorización para a estadía comprende as seguintes datas:**

- desde o día ...../...../ de 2015
- ata o día ...../...../ de 2015

Asinado en ..... a ..... de ..... de 2015.

**ANEXO IV. Modelo de aceptación (incluindo datos bancarios) o renuncia a realización da estadía – Programa IACOBUS.**

Nome:

Apelidos:

D.N.I. / B.I.

Enderezo:

da Universidade / Instituto Politécnico:

|                           |  |
|---------------------------|--|
| <b>Acepta<sup>3</sup></b> |  |
| <b>Rexeita</b>            |  |

a súa participación no Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica IACOBUS, mediante a realización dunha estadía transfronteiriza.

**Datos bancarios** onde debe ingresarse o importe dos pagamentos derivados da participación no Programa IACOBUS (só no caso de aceptar).

IBAN

.....

BIC / SWIFT

.....

En....., a .....de.....de 2015.

Asinado:

<sup>3</sup> A aceptación da participación no Programa IACOBUS implica a aceptación das Bases Reguladoras da convocatoria de devandito programa

## **ANEXO V. Modelo de Declaración da Institución de destino de realización da estadía – Programa IACOBUS.**

D / D<sup>a</sup>:

na súa calidade de Reitor / Vice Reitor / outro, da Institución:

### **CERTIFICA:**

Nome:

Apelidos:

D.N.I. / B.I.

Profesor / Investigador / PAS proveniente da Institución:

completou satisfactoriamente as actividades especificadas na súa estadía, concedida no ámbito do Programa IACOBUS, e que tiña as seguintes características:

- Área de Coñecemento:
- Tempo de estancia e datas do intercambio:

En, ..... a, ..... de..... de 2015.

Asinado:

## ANEXO VI. Modelo de declaración de realización da estada – Programa IACOBUS

Nome:

Apelidos:

D.N.I. / B.I.

Enderezo:

da Universidade / Instituto Politécnico:

|   |  |
|---|--|
| Persoal docente;                            |  |
| Investigador pre-doutoral ou post-doutoral  |  |
| Persoal administrativo e de servizos (PAS); |  |

### DECLARA:

Que realizou unha estada, baixo a súa participación no Programa IACOBUS, na Institución:

Centro:

Departamento:

Sito en:

a través dunha estancia de ..... semanas / meses, realizada entre as datas de .....e de.....

**Informe do traballo realizado (max. 5.000 caracteres)**

**(Obrigatorio incluír: Descrición do traballo efectuado; Conclusións; Potenciais traballos a desenvolver)**

En....., a .....de.....de 2015.

Asinado: .....

## **ANEXO VII. Modelo de xustificante de pago – Programa IACOBUS**

Nome:

Apelidos:

D.N.I. / B.I.

Enderezo:

### **Declara:**

Que recibiu a cantidade de ..... euros pola súa participación no Programa IACOBUS, mediante intercambio coa Institución..... a través dunha estancia de ..... semanas / meses, realizada entre as datas de .....e de..... no centro ..... situado en .....

En....., a .....de.....de 2015.

Asinado: .....



## **ANEXO VIII: Baremo**

### **1-. PARA O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI):**

#### **a) Titulación Académica:**

- Master universitario relacionado, ata 500 horas: 0.5 puntos; máis de 500 horas: 0.75 puntos
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos

As titulacións valorables teñen que estar relacionadas cos proxectos a desenvolver.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

#### **b) Experiencia profesional:**

Experiencia profesional en docencia ou investigación universitaria: 0.5 puntos cada seis meses. A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

#### **c) Cursos (impartidos ou realizados):**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas, relacionados coa materia do proxecto: 0,10 por curso
- Non se valorarán os cursos nos que non se especifique o número de horas, nin a asistencia a xornadas, simposios ou congresos .

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

#### **d) Proxecto:**

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- A congruencia co Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión. Nese senso unicamente serán tidos en conta os proxectos que busquen desenvolver as prioridades de investimento que recolle o PIC.

Primarase tamén especialmente os beneficios que o proxecto poida supoñer para:

- O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- A mellora da competitividade das PEMES.
- A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.
- A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos.
- A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión.
- O interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado.
- O beneficio engadido que o proxecto supoña para a integración na Eurorrexión.
- A congruencia e continuidade con outras actuacións anteriores a prol da integración na Eurorrexión.

No caso de candidaturas nas que a finalidade da estada e o proxecto sexan sensiblemente similares, a comisión de valoración eliminará aquela que teña unha menor puntuación. A puntuación máxima que se pode dar neste apartado é de 6 puntos

#### **Puntuación final:**

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas todas as puntuacións obtidas. Os proxectos que non teñan suficiente congruencia co PIC 14-20 non serán avaliados, nin por tanto seleccionados. Para dirimir os empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos, estarase os seguintes criterios:

- 1º) A maior puntuación obtida polo proxecto.
- 2º) O maior tempo acreditado no posto de traballo.
- 3º) A maior puntuación obtida nos demais apartados, segundo a súa propia orde.

## 2.- PARA O PERSOAL INVESTIGADOR (pre-doutorais ou post-doutorais):

### a) Titulación académica:

- Master universitario relacionado, ata 500 horas: 0.5 puntos; máis de 500 horas: 0.75 puntos
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos

As titulacións valorables teñen que estar relacionadas cos proxectos a desenvolver.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

### b) Experiencia profesional:

Experiencia profesional en docencia ou investigación universitaria: 0.25 puntos cada seis meses.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 1 punto.

### c) Cursos (impartidos ou realizados):

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas, relacionados coa materia do proxecto: 0,10 por curso
- Non se valorarán os cursos nos que non se especifique o número de horas, nin a asistencia a xornadas, simposios ou congresos .

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

### d) Proxecto:

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- A congruencia co Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión.

Nese senso unicamente serán tidos en conta os proxectos que busquen desenvolver as prioridades de investimento que recolle o PIC.

Primarase tamén, especialmente, os beneficios que o proxecto poida supoñer para:

- O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- A mellora da competitividade das PEMES.
- A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.
- A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos.
- A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión.
- O interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado.
- O beneficio engadido que o proxecto supoña para a integración na Eurorrexión.
- A congruencia e continuidade con outras actuacións anteriores a prol da integración na Eurorrexión.

No caso de candidaturas nas que a finalidade da estada e o proxecto sexan sensiblemente similares, a comisión de valoración eliminará aquela que teña unha menor puntuación. A puntuación máxima que se pode dar neste apartado é de 6 puntos.

#### **Puntuación final:**

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas todas as puntuacións. Os proxectos que non teñan suficiente congruencia co PIC 14-20 non serán avaliados, nin por tanto seleccionados.

Para dirimir os empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos, estarase os seguintes criterios:

- 1º) A maior puntuación obtida polo proxecto.
- 2º) O maior tempo acreditado no posto de traballo.
- 3º) A maior puntuación obtida nos demais apartados, segundo a súa propia orde.

### **3.- PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS (PAS)**

#### **a) Titulación Académica:**

Titulación universitaria: ( licenciatura, grao ou diplomatura ) : 2 puntos.

Título de técnico superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.

Título de técnico de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,5 puntos.

Puntuarase ata un máximo de 2 puntos

#### **b) Experiencia profesional:**

Experiencia profesional nas Universidades ou Centros de Investigación Superior: 0.5 puntos cada seis meses.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

#### **c) Cursos realizados ou recibidos:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas, relacionados coa materia do proxecto: 0,10 por curso
- Non se valorarán os cursos nos que non se especifique o número de horas, nin a asistencia a xornadas, simposios ou congresos .

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

#### **d) Proxecto:**

A Comisión avaliará o proxecto presentado tendo en conta:

- A congruencia co Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión.
- Nese senso unicamente serán tidos en conta os proxectos que busquen desenvolver as prioridades de investimento que recolle o PIC.

Primarase tamén especialmente os beneficios que o proxecto poida supoñer para:

- O desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- A mellora da competitividade das PEMES.
- A adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.
- A protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos.
- A mellora da capacidade institucional da Eurorrexión.
- O interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado.
- O beneficio engadido que o proxecto supoña para a integración na Eurorrexión.

- A congruencia e continuidade con outras actuacións anteriores a prol da integración na Eurorexión.

No caso de candidaturas nas que a finalidade da estadía e o proxecto sexan sensiblemente similares, a comisión de valoración eliminará aquela que teña unha menor puntuación. A puntuación máxima que se pode dar neste apartado é de 6 puntos

**Puntuación final:**

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas todas as puntuacións. Os proxectos que non teñan suficiente congruencia co PIC 14-20 non serán avaliados, nin por tanto seleccionados.

Para dirimir os empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos, estarase os seguintes criterios:

- 1º) A maior puntuación obtida polo proxecto.
- 2º) O maior tempo acreditado no posto de traballo.
- 3º) A maior puntuación obtida nos demais apartados, segundo a súa propia orde.